

## CONVOCATORIA INTERCAMBIO CUN CENTRO NORUEGUÉS

“O IES Plurilingüe de Ames é socio do Consorcio Erasmus+ Galemundo, o consorcio acreditado de mobilidade no Sector de Educación Escolar coordinado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (CECUIFP). Este Consorcio desenvolverá actividades de mobilidade con fondos Erasmus+ a través dun proxecto acreditado durante o curso 2026-2027.

O IES Plurilingüe de Ames está adherido a un conxunto común de Normas de Calidade Erasmus. As normas existen para garantir a todas as persoas participantes unha boa experiencia de mobilidade e resultados de aprendizaxe, e para asegurarse de que todos os centros educativos que reciben financiamento están a contribuír aos obxectivos do programa. Estas normas foron publicadas pola Comisión Europea no documento [Normas de Calidade Erasmus](#) en abril de 2020.

As actividades para IES Plurilingüe de Ames son mobilidades de curta duración para o alumnado, con destino a Noruega dunha duración de 3 semanas, con carácter de intercambio recíproco co Nydalen Upper Secondary School

### Características das mobilidades:

- As mobilidades están dirixidas ao alumnado matriculado neste centro en 4º da ESO durante o curso 2025-26, e que continuará os seus estudos neste mesmo centro durante o curso 2026-27.
- Número de prazos: ata 6. O número definitivo dependerá do número de estudantes noruegueses que soliciten a mobilidade.
- Duración e datas: o alumnado noruegués estará en Galicia durante 3 semanas en outubro de 2026, e o alumnado galego estará en Noruega durante 3 semanas en xaneiro de 2027.
- O alumnado galego integrárase nun centro educativo noruegués.
- O aloxamento e manutención será en réxime de reciprocidade cunha familia norueguesa. O alumnado noruegués terá 17-18 anos no momento da súa estada en Galicia.
- Subvención das mobilidades: cubre a viaxe en avión e o seguro.
- O alumnado seleccionado asinará, a través dos seus titores ou representantes legais, un convenio de subvención. Ademais, terá que cubrir e achegar unha serie de documentos necesarios para a realización do intercambio.
- Á súa volta, o alumnado participante participará na difusión do proxecto. Tamén aportará evidencias dos coñecementos e capacidades adquiridas, compartindo os resultados co resto dos seus compañeiros/as de clase e outros grupos do mesmo nivel.

- O IES Plurilingüe de Ames seleccionará ao alumnado participante cos criterios que se indican nesta convocatoria.”
- Todo aquel alumnado que estea interesado en participar e aceptar as condicións desta mobilidade deberá recoller e devolver cuberto e debidamente asinado o impreso de solicitude en Xefatura de Estudios antes do día 24 de abril.